

B.1.9 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo uso de instalacións deportivas municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no art.57 do citado R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2.-Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa: a) A utilización dos diversos servizos municipais que se detallan nas tarifas. b) A utilización das instalacións e bens municipais destinados ó servizo de deportes.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que utilicen as instalacións municipais seguintes:

1. Polideportivo Municipal de Artes
2. Centro de raqueta Santa Uxía.
3. Polideportivo Municipal A Fieiteira.
4. Polideportivo Municipal Sirves.
5. Polideportivo Municipal Alcalde Torres Colomer de Palmeira
6. Piscina Municipal A Fieiteira.
7. Estadio Municipal A Fieiteira.
8. Campo de fútbol de A Tasca.
9. Campo de fútbol da Trindade.
10. Campo de fútbol de A Guía

ARTIGO 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.

ARTIGO 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no artigo seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.

ARTIGO 6.- Tarifa.

A tarifa á que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

EPÍGRAFE 1.- POLIDEPORTIVOS:

A) Utilización para adestramentos, entendido cando non se utilicen árbitros e un só vestiario:

- En horario de 08.00 a.m. a 19.00 p.m.: 5,70 €/hora ou fracción .
- Fóra de ese horario: 8,80 €/hora ou fracción

B) Xogo de partidos amigables ou oficiais con entrada gratuíta (sen utilización de taquilla): 17,10 € por hora ou fracción.

C) Partidos de competición oficial con cobro de entrada: 52,80 € por hora ou fracción.

D) En tódolos casos ós que se refiren os apartados A, B e C, con utilización de luz eléctrica, aboarase polo usuario a cantidade adicional de 4,40 € hora.

E) Utilización de polideportivos para espectáculos deportivos:

- Con cobro de entrada: 219,40 €/día.
- Sen cobro de entrada: 44,00 €/día.

F) Utilización de polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos:

- Día: 860,20 €/día.
- Media xornada de mañá ou tarde: 430,10 €.

Utilización dos polideportivos por menores de 18 anos: Exentos

EPÍGRAFE 2.- CAMPOS DE FÚTBOL SINTÉTICOS.

A) Utilización do campo de fútbol de A Fieiteira , A Tasca , A Guía e A Trinidad: 20,30 €/hora. Con utilización de luz eléctrica aboarase polo usuario a cantidade adicional de 16,20 € hora.

EPÍGRAFE 3.- COMPLEXO DEPORTIVO DE A FIEITEIRA.

O uso do polideportivo de A Fieiteira será o indicado no epígrafe 1 desta ordenanza.

3.1.-Abonados. As cotas de abonado terán a seguinte contía:

Sen prexuízo dos importes indicados a continuación, a subscripción dun abono requirirá dun pago único inicial, polo importe dunha mensualidade.

TIPOLOXÍA	CARACTERÍSTICAS	IMPORTE MES
BONO XOVE	de 16 a 23 anos	14,00 €
BONO ADULTOS	24 a 64 anos	19,60 €
BONO 3ª IDADE	A partires de 65 anos	10,50 €
BONO FAMILIAR	Titular + conxugue + fillos ata 23 anos (todos).	34,50 €
	Monoparental + fillos ata 23 anos (todos)	21,60 €
	Familiar en situación de desemprego(*) + fillos desempregados ata 25 anos (todos).	19,60 €
BONO DE MAÑÁ	Ate as 14:00 horas	14,50 €

(*) Situación de desemprego: Os dous conxugues deben acreditar a situación de desemprego. No caso de que algún dos titulares abandone esta situación de desemprego, non poderá optar a esta tarifa.

(**) Carné Xove: os posuidores de dito carné beneficiaranse da tarifa asociada a entrada/bono XOVE previa acreditación do mesmo, e ata a idade dos 30 anos.

3.2.- Bono de verán. (meses de xullo e agosto). As cotas de abonado terán a seguinte contía:

TIPOLOXÍA	CARACTERÍSTICAS	IMPORTE MES
BONO XOVE	De 16 a 23 anos	15,15 €
BONO ADULTOS	24 a 64 anos	22,75 €
BONO 3ª IDADE	A partires de 65 anos	11,40 €
BONO FAMILIAR	.-Titular + conxugue + fillos ata 23 anos (todos). .-Monoparental + fillos ata 23 anos (todos)	37,40 € 22,75 €
BONO DE MAÑÁ	Ate as 14:00 horas	15,70 €

3.3.-Utilización illada:

Entrada ao Complexo con dereito de uso a tódolos servizos que dispón o abonado:

TIPOLOXIA	CARACTERÍSTICAS	IMPORTE MES
ENTRADA INFANTIL	Ate quince anos	0,90 €
ENTRADA XOVE	16 a 23 anos	2,50 €
ENTRADA ADULTA	24 a 64 anos	4,00 €
ENTRADA 3ª IDADE	A partir de 65 anos	1,90 €

EPÍGRAFE 4.- ESTADIO MUNICIPAL DE A FIEITEIRA:

- Por adestramento: 43,90 €.
- Pola disputa de partidos amigables ou oficiais: 87,80 €/partido.
- Pola utilización da pista de atletismo:
 - Nenos de ata 18 anos: gratuíto.
 - Aboados e usuarios do complexo con entrada: gratuíto
 - Maiores de 19 anos en adiante: 1,20 € .

En tódolos casos ós que se refiren os apartados A e B con utilización de luz eléctrica, aboarase polo usuario a cantidade adicional de 16,20 € hora. .

EPÍGRAFE 5.- OUTROS SERVIZOS:

- Pista de Squash do polideportivo de Santa Uxía: 3,80 €/45 minutos

EPÍGRAFE 6.- PUBLICIDADE ESTÁTICA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

A instalación ou pintado de carteis publicitarios nas instalacións deportivas municipais estarán gravados ca seguinte taxa: 25,40 € por metro cadrado ou fracción ao ano.

A instalación ou pintado de novos carteis publicitarios nas instalacións deportivas municipais por parte dos clubs deportivos locais estará gravada con 5,10 € por metro cadrado ou fracción.

Solo poderán ser colocadas en aquelas instalacións que os clubs deportivos utilicen habitualmente para disputar os seus partidos federados”.

Ditos carteis publicitarios serán realizados, en canto a tamaños e materiais, coas características designadas pola Oficina Municipal de Deportes para cada instalación.

Os gastos de deseño e instalación ou pintado dos paneis serán en todo caso por conta do solicitante

EPÍGRAFE 7.- CENTRO DE RAQUETA SANTA UXÍA

– Pistas de Pádel. Utilización das pistas:

- Luns a venres ata as 18.00 horas: 10.00 €/ hora pista .
- Luns a venres en horario de tarde (a partires das 18 horas), e domingos: 12 €/hora/pista.
- Sábados: 10 €/hora pista.
- Utilización por menores de 18 anos, de luns a venres ata as 18.00 horas, e sábados e domingos en horario completo: 5 €/hora pista.
- A partir da primeira hora de aluguer o cobro será en fraccións de 30 min.
- Bono 6 horas: 60 €.

Bonificación: No caso de realizarse campionatos sociais (non federados) e organizados por Clubs e Asociacións Deportivas rexistradas no Concello de Riveira: 8,00 €/hora/pista.

A celebración de ditos campionatos será en horarios de menor ocupación das pistas e no calendario fixado pola Oficina Municipal de Deportes.

ARTIGO 7.- Exencións e bonificacións.

1.- Non estarán suxeitos a esta taxa aquelas utilizacións das instalacións que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Excmo. Concello ou patrocinadas polo mesmo.

2.- Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100 % das tarifas. A devandita bonificación será outorgada por decreto de Alcaldía, previo informe da Oficina Municipal de Deportes.

3.- A Alcaldía por decreto, previo informe da Oficina Municipal de Deportes, poderá conceder bonificacións ou a total exención desta taxa no caso de utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos.

4.- As persoas ou entidades interesadas na obtención das exencións ou bonificacións establecidas nesta Ordenanza, instarano ó Excmo. Concello con anterioridade á celebración das actividades, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión.

ARTIGO 8.- Gastos de persoal discontinuo.

Os gastos do persoal de servizo discontinuo (taquilleiros, porteiros, acomodadores, vixiantes, electricistas, etc.) correrán por conta dos organizadores do acto. As necesidades de tal tipo de

persoal serán fixadas a xuízo da Oficina Municipal de Deportes, tendo en conta a categoría de actividades a desenrolar.

ARTIGO 9.- Concertos económicos.

As persoas naturais ou xurídicas, así como as Entidades, Organismos, Asociacións, Federacións, Clubs, etc., que organicen actos nas instalación obxecto desta Ordenanza Fiscal con carácter periódico, poderán solicitar o correspondente concerto económico co Excmo. Concello de Riveira.

As condicións do mesmo serán fixadas en todo caso conforme ó procedemento legalmente establecido e a aprobación dos devanditos concertos corresponderá á Comisión de Goberno, previo informe da Oficina Municipal de Deportes.

ARTIGO 10.- Devengo.

1.-Sen prexuízo do establecido no apartado 3º, a obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se solicita a utilización de calquer a das instalacións especificadas no artigo.3 anterior.

2.- O Concello, por medio do órgano encargado da Administración desta taxa poderá esixir un depósito previo para responder, no seu caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse nas instalacións. Este depósito poderá ser constituído en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguro. Será cancelado e devolto no seu caso unha vez que se demostre, mediante informe do Director-Xerente das instalacións, que non se causaran desperfectos ou que estes foran reparados.

3.- No caso da taxa esixida pola colocación de publicidade estática nos polideportivos municipais e na Piscina de A Fieiteira, o devengo producirase o primeiro día de cada exercicio. En caso de que as correspondentes licencias de ocupación foran concedidas unha vez iniciado o ano, procederá o rateo por trimestres naturais da cota regulada no artigo 6º.

ARTIGO 11.- Declaración e pago.

1.-As instancias nas que se farán constar os días e horas nas que se desexe efectuar a utilización das instalacións, e demais circunstancias que desexen expoñer, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello. Corresponderá á Oficina Municipal de Deportes informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución. Ao devandito informe acompañarase a liquidación correspondente ó outorgamento da licenza, procedéndose pola Intervención á censura oportuna.

2.-As licenzas para a utilización das instalacións dos pavillóns polideportivos, cando se trate de festivais e actos organizados por colexios ou institucións culturais, actos estatutarios de sociedades, asociacións de todo tipo e partidos políticos así como festivais ou espectáculos artísticos, recreativos e deportivos de carácter profesional, solicitaranse por medio de instancia dirixida ó Sr. Alcalde, resolvéndose de acordo co disposto no art.4 do Regulamento de Organización e Funcionamento dos Pavillóns Polideportivos.

ARTIGO 12.- Resolución.

- 1.- En tódolos supostos nos que a resolución deba adoptala a Comisión de Goberno do Concello, estarase ó disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento das Instalacións.
- 2.- A Xerencia das instalacións poderá outorgar licenzas para a utilización das mesmas, cando e trate de solicitudes para uso esporádico, non comprendidas no suposto anterior. Neste caso, Xerencia efectuará a liquidación e cobro correspondente, que deberá ser ingresada na conta restrinxida aberta ó efecto.

ARTIGO 13.- Liquidación e recadación.

1.- O aboamento das liquidacións correspondentes ás utilizacións de carácter non periódico deberá realizarse na Tesourería Municipal cunha antelación mínima de 48 horas á celebración do evento.

2.- No suposto de usos periódicos, as liquidacións resultantes deberán ingresarse por meses anticipados e sempre antes do día 1 do mes ó que correspondan; sen este requisito, non poderán utilizarse as instalacións.

No caso das taxas correspondentes ao uso do Complexo Polideportivo de A Fieiteira, o ingreso das cotas deberá facerse ao principio de cada mes mediante domiciliación bancaria, na conta indicada a este efecto polos usuarios.

As baixas non formalizadas antes dos tres últimos días do mes non surtirán efectos, en caso de non realizarse nestes prazos o recibo será pasado o cobro sen dereito a devolución.

No caso das altas, o importe da cota a abonar será rateado por quincenas.

3.- En tódolos demais casos, o Director-Xerente percibirá por parte do usuario a taxa que corresponda, antes do disfrute da instalación.

4.- A non utilización das instalacións só dará dereito á devolución da taxa aboada cando sexa o propio Concello o responsable da non utilización, non tendo dereito o solicitante a reclamar danos e prexuízos sempre que a cancelación do permiso se notifique con 48 horas de antelación.

5.- Os depósitos previos previstos no art. 10.2 desta Ordenanza realizarase sempre na Tesourería Municipal; sen este requisito non se concederá autorización para a utilización.

ARTIGO 14.- Notificacións.

1.- Adoptada a resolución pertinente, pola Xerencia practícarase a correspondente notificación ós interesados.

2.- Nos supostos de resolución denegatoria da pretensión formulada, practícarase de oficio a devolución do importe do depósito constituído polo solicitante.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data 5 de novembro de 2018, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.